



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**

Av. Bos Aires nº 71 - 36500  
LALIN (PONTEVEDRA).  
Telf.: 886151940– Fax 886151953  
<https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro>  
email → [ies.laxeiro@edu.xunta.es](mailto:ies.laxeiro@edu.xunta.es)



# ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

---

Curso 2020-21

**ÁREA.- MATEMÁTICAS**

**NIVEL.-1º, 2º,3º, 4º ESO**



## ÍNDICE

1º Temporalización.....	2
2º Obxectivos desta adaptación.....	2
3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das non se impartiron no curso 2019-2020.....	2
4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado .....	4
5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.....	4
a) Revisión dos obxectivos de area ou materia	
b) Revisión das competencias clave.	
c) Revisión dos contidos.	
6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial.....	5
a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena	
b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.	
c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.	
d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática	
e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado	
7º Revisión do desenvolvemento da addenda.....	7

## **1º Temporalización**

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

## **2º Obxectivos desta adaptación.**

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

## **3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.**

### **CURSO 6º DE PRIMARIA**

Das avaliacións iniciais realizadas na primeira semana de curso dedúcese que non se traballaron ou se traballaron con pouca profundidade:

- No bloque de Números a unidade relativa as Fraccións.
- O bloque de Xeometría.

### **RESTO DE CURSOS**

Dos informes individualizados do curso 2019-20, das avaliacións iniciais realizadas na primeira semana de curso e tendo en conta tanto a adaptación da programación coma as memorias do curso 2019-20 dedúcese que non se se traballaron os seguintes bloques de contidos de forma presencial:



### **CURSO 1º ESO**

- Unidade 7. Iniciación á alxebra.
- Unidade 8. Estatística
- Unidade 9. Rectas e ángulos
- Unidade 10. Polígonos
- Unidade 11. Perímetros e áreas de polígonos
- Unidade 12: Circunferencia e círculo

Nota: A parte de Xeometría traballouse nos meses de confinamento.

### **CURSO 2º ESO**

- Unidade 5. Sistemas de ecuacións
- Unidade 6. Proporcionalidade numérica
- Unidade 7. Funcións
- Unidade 8. Funcións lineais
- Unidade 9. Estatística e probabilidade
- Unidade 10. Figuras planas. semellanza
- Unidade 11. Xeometría do espazo. áreas.
- Unidade 12. Volume de corpos xeométricos.

Nota: Na Unidade 4 as ecuacións de 2º grao estudíaranse con pouca profundidade.

### **CURSO 2º ESO PMAR**

- Unidade 4: Proporcionalidade e porcentaxes
- Unidade 8: Ecuacións de primeiro e segundo grao
- Unidade 10: Triángulos
- Unidade 11: Semellanza
- Unidade 12: Corpos no espazo
- Unidade 13: Rectas e hipérbolas
- Unidade 14: As forzas e os seus efectos
- Unidade 15: Estatística e probabilidade
- Unidade 16: Enerxía e preservación do medio ambiente

### **CURSO 3º ESO ACADÉMICAS**

- Unidade 7. Xeometría do plano.
- Unidade 8. Triángulos. propiedades.
- Unidade 9. Xeometría do espazo. polied
- Unidade 10. Corpos de revolución.
- Unidade 11. Funcións
- Unidade 12. Funcións lineais
- Unidade 13. Estatística
- Unidade 14. Probabilidade



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## **I.E.S. LAXEIRO**

Av. Bos Aires nº 71 - 36500  
LALIN (PONTEVEDRA).  
Telf.: 886151940– Fax 886151953  
<https://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro>  
email → [ies.laxeiro@edu.xunta.es](mailto:ies.laxeiro@edu.xunta.es)



### **CURSO 4º ESO ACADÉMICAS**

- Unidade 5. Sistemas de ecuacións e inecuacións
- Unidade 6: Xeometría do plano e o espazo
- Unidade 8: Xeometría analítica
- Unidade 9. Función
- Unidade 10. Funcións polinómicas e racionais
- Unidade 11. Funcións exponenciais, logarítmicas e trigonométricas
- Unidade 12: Combinatoria
- Unidade 13: Probabilidade
- Unidade 14: Estatística

### **CURSO 4º ESO APLICADAS**

- Unidade 5: Perímetros, áreas e volumes
- Unidade 6: Semellanza. aplicacións
- Unidade 7: Funcións
- Unidade 8: Gráfica dunha función
- Unidade 9: Estatística e probabilidade

#### **4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.**

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias:

- ▶ Pouca destreza no manexo de ferramentas TIC para a presentación de traballos e proxectos.
- ▶ Nivel baixo de desenvolvemento no traballo na aula virtual.

#### **5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.**

Ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19, existen aprendizaxes imprescindibles que non se impartiron no curso 2019/2020, e polo tanto incorpóranse na programación desta materia. O seu desenvolvemento farase con un enfoque competencial.

##### ***a) Revisión dos obxectivos de area ou materia***

Os obxectivos desta área non se modifican

### ***b) Revisión das competencias clave***

As competencias clave non se modifican

### ***c) Revisión dos contidos***

Os contidos non impartidos no curso pasado integraranse ao longo do presente curso escolar no momento axeitado.

## **6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial**

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: **telemática e mixta.**

### ***a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)***

O uso das TIC será o recurso didáctico de referencia. O profesorado elaborará o seu propio material didáctico, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC. O alumnado construírá o seu coñecemento a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución. Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas dirixido polo profesorado: despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de videotutoriais, documentos escritos, ligazóns de internet, referencias do libro de texto...

Empregarase a plataforma EDIXGAL en 1º e 2º ESO facilitada pola Consellería e a Aula Virtual e Classroom nos demais niveis permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

### ***b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.***

O uso das TIC será o recurso didáctico de referencia. O profesorado elaborará o seu propio material didáctico, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC. O alumnado construíra o seu coñecemento a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución. Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas dirixido polo profesorado: despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de videotutoriais, documentos escritos, ligazóns de internet, referencias do libro de texto...

Empregarase a plataforma EDIXGAL en 1º e 2º ESO facilitada pola Consellería e a Aula Virtual e Classroom nos demais niveis permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

***c) Procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación deseñados para o ensino non presencial.***

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

Criterios de cualificación:

Procedementos de avaliación	Peso na cualificación nos escenarios:	
	Presencial	Telemático
Probas escritas:	80%	70%
Traballos feitos individualmente. Traballo na aula (ou na casa en caso de docencia non presencial):	20%	30%

No caso dun escenario semipresencial, cualificarase por separado a parte presencial e a telemática cos criterios indicados anteriormente, na táboa, e farase unha ponderación proporcional ó número de sesións de cada tipo.

No caso de confinamento dun alumno considerase escenario presencial adecuando, para ese alumno, a data dos exames ou probas.



**d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

De ter alumnado que non ten acceso a internet ou non dispon dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático, se a administración educativa non lles os equipos axeitados, prestarémoslles equipos no centro e para a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello.

**e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.**

Tanto no caso de suspensión da actividade lectiva para un grupo ou para unha parte deste, controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á aula EDIXGAL EN 1º e 2º ESO, Aula virtual ou Classroom para o resto.

**7º Revisión do desenvolvemento da addenda**

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.



